



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gerardo Zugasti Enrique.

VICEPRESIDENTE

D. José Juan Barreiro Prado.

VOCAIS

D. Fernando Sáenz de Miera y Cuesta.

D. Serafín Quinteiro Blanco.

D. Luís M^a Muiños Vidueira.

VOCAIS REPRESENTANTES DA COMUNIDADE

VECIÑAL DE SALCEDO. PONTEVEDRA.

D. Pastor Torres Carro.

D. Fernando Pintos Pereira.

SECRETARIA

Dona María José Echevarría Moreno.



Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día tres de novembro de mil novecentos noventa e dous, coa asistencia dos señores ó marxe reseñados reúnese o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais ó obxecto de decidir sobre a clasificación do monte denominado A ESCULCA, sito na parroquia de Salcedo, concello de Pontevedra.

I.- ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- O presidente da comunidade veciñal dos montes de Salcedo, do concello de Pontevedra, no seu escrito datado o mes de marzo de 1.989 interesaba a Clasificación

como monte veciñal en man común do coñecido por " A ESCULCA ", sito no lugar do mesmo nome e que, ó parecer, quedara fora da resolución deste mesmo Xurado de data 24 de maio de 1.982.

SEGUNDO.- Coa devandita solicitude de incoación de expediente acompañábase amais dun croquis unha fotocopia do epígrafe " Terrenos a valdíu y pasto común " do Libro do Amillaramiento de San Martín de Salcedo do ano 1.864 que se conserva no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, onde constaba a parcela denominada " A ESCULCA ".

TERCEIRO.- Decidíu este Xurado en reunión do 24 de maio de 1.990 abri-lo oportuno expediente.

CUARTO.- O 27 de xullo de 1.992 notifícase ós solicitantes así como ó Excmo. Concello de Pontevedra a apertura do período de alegacións, sen que se personara parte algunha no expediente.


QUINTO.- O 16 de setembro de 1.992 notifícase ó Sr. Rexistrador do Distrito Hipotecario de Pontevedra o referido acordo de iniciación dos trámites para a clasificación do devandito monte a efectos da preceptiva anotación preventiva, publicándose o 6 de agosto no B.O.P..

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- Son montes veciñais en man común os que con independencia do seu orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cuotas polos membros daquelas na súa condición de veciños (artigo 1 da Lei 13/1.989, de 10 de outubro e, en semellantes termos o artigo 1 da Lei 11 de novembro de 1.980, núm. 55/80).

SEGUNDO.- Xurisprudencialmente tense sinalado que para que un monte poda ser declarado como veciñal en man común precísase da concorrencia dos seguintes requisitos: a) O aproveitamento consuetudinario en réxime de comunidade e con carácter exclusivo, polos veciños agrupados en parroquias, aldeas, lugares accesorios, barrios e outros semellantes non constituídos formalmente en entidades municipais; e, b) Que, aínda cando existan actos formais de inclusión no inventario de bens ou rexistro público con asignación doutra titularidade, non losen acompañadas dun cambio real e efectivo na posesión a prol dos que nos mesmos figuren como titulares durante o tempo necesario para alcanzar o dominio por prescripción.

TERCEIRO.- Da documental que compón o expediente colíxese que tanto as esixencias legais como as xurisprudenciais no presente caso de abondo se teñen cumprido, no caso das parcelas que do monte Esculca se sinalan como S₂ e S₃ no informe elaborado polo Xefe da Terceira Sección do Servicio de Montes e Industrias Forestais, que na actualidade se atopan destinadas á toxeira e dende sempre veñen sendo aproveitadas polos veciños daquel mesmo lugar da Esculca,



parroquia de Salcedo deste mesmo término municipal. Porén, e pola contra, non se pode concluílo mesmo con respecto á parcela denominada no devandito informe como S₁ posto que polas súas extremas, a súa escasa superficie e a colindancia cun camiño lévanos a presumir que xamais foi obxecto de aproveitamento consuetudinario en réxime de comunidade polos veciños do lugar.

Vistos tódolos antecedentes de feito e fundamentos de dereito este Xurado acorda declarar como veciñal en man común a favor da comunidade de veciños da parroquia de Salcedo (Pontevedra) as parcelas S₂ e S₃ do monte Esculca coas extremas e superficie que a continuación se describen:

NOME DO MONTE: " ESCULCA S₂ e S₃ ".

CABIDA: 4,890 Has.

LIMITES:

Norte, Leste e Sur.- Propiedades.

Oeste.- Propiedades e camiño.

rexeitándose pola contra a calificación que como tal se perseguía da parcela S₁ por non reunir ésta as características precisas para tal mester.

A presente Resolución pode ser impugnada ante a Xurisdicción Contencioso-Administrativa, previo Recurso de Reposición que haberá de interperse ante este Xurado Provincial no prazo DUN MES dende a recepción da presente, de conformidade co previsto no artigo 58 da Ley Reguladora. Transcurrido o indicado prazo sen haber interposto dito Recurso, esta Resolución será firme a tódolos efectos regulamentarios.

O que se notifica para o seu coñecemento e efectos.


A SECRETARIA DO XURADO,

Vº e Prace

O PRESIDENTE DO XURADO,



PO 38 15



Alcosta

Esculca $S_2 + S_3$

MONTE DA ARMADA